

ANUNCIO

Proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de reserva (de agarda) de persoal “técnico superior de administración xeral” – subgrupo A1, do Concello de Santiago de Compostela.

Convocatoria para a realización do 2º exercicio.

O tribunal cualificador do procedemento selectivo en data 26/04/2021 **ACORDOU**:

Convocar aos aspirantes que superaron o 1º exercicio para a realización do 2º exercicio do proceso selectivo, que terá lugar ás **17:00 horas** do xoves 29 de abril de 2021 na **Sala de Lecturas da Facultade de Dereito da USC** (Campus Sur de Santiago de Compostela).

A proba desenvolverase de acordo co disposto nas Bases reguladoras da lista de reserva (de agarda) para a provisión interina de prazas e postos de técnico/a superior de Administración Xeral e na resolución da Concellería Delegada de Economía e Facenda, Persoal, Contratación e Modernización da Administración Local pola que se modifica a base 5ª das que regulan o proceso selectivo.

Para realizar o exercicio os aspirantes poderán empregar textos normativos impresos, publicados no BOE ou por calquera editorial, aínda que inclúan comentarios, sempre que estes se limiten a meras concordancias normativas, citas de resolucións xudiciais ou administrativas ou referencias textos publicados por outros autores sobre a materia. Non se permite o manexo de textos en formato electrónico nin o de obras de lexislación comentada, manuais, libros de formularios, mementos ou similares.

Con carácter orientativo, a normativa necesaria para realizar o exercicio é a que se detalla a continuación, sen prexuízo de que os aspirantes poidan empregar a que estimen conveniente:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.
- Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, aproba o Regulamento de bens das entidades locais.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público.
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas.
- Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real decreto lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo e rehabilitación urbana.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.
- Real decreto 424/2017, do 28 de abril, de réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2021.

O secretario do tribunal



José Manuel González García.